

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 22 DE MARZO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 29 de marzo de 2012.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por importe de cento cincuenta e catro mil seiscientos euros (154.600 euros).
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a romaría etnográfica Raigame de Vilanova dos Infantes, na provincia de Ourense.
- Acordo polo que se aproba o Plan de obxectivos para o ano 2012 da Unidade do Corpo Nacional de Policía, adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Cervo (Lugo), para a construción dun punto limpo no concello, por importe de douscentos oitenta e catro mil catrocentos corenta euros con doce céntimos (284.440,12 euros).

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Mos (Pontevedra), para a construción dun punto limpo no concello, por importe de douscentos sesenta e seis mil novecientos noventa e nove euros con trinta e nove céntimos (266.999,39 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e Alcoa Inespal, S.A., para melloras ambientais e de eficiencia enerxética, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe de oitocentos corenta e sete mil euros (847.000 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba a modificación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para colaborar no mantemento da federación. Importe: setenta e seis mil douscentos sesenta euros (76.260 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia), para promover a realización de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias. Importe: douscentos nove mil setecentos dezaseis euros (209.716 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto

11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia. Importe: corenta e sete mil seiscentos sesenta e tres euros (47.663 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do Programa de atención a persoas con discapacidade en áreas rurais de Galicia. Importe: trescentos oitenta e un mil trescentos dous euros (381.302 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), para o mantemento da federación e a promoción de actividades coas persoas con síndrome de Down en Galicia. Importe: douscentos trinta e oito mil trescentos catorce euros (238.314 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga Feaps Galicia), para promover a atención das persoas con discapacidade intelectual residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Importe: douscentos dezanove mil douscentos corenta e nove euros (219.249 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación Aspace GALICIA), para colaborar no mantemento da federación. Importe: vinte e cinco mil trescentos vinte e nove euros (25.329 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a realización do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da federación. Importe: oitocentos dezanove mil douscentos corenta e nove euros (819.249 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes Galicia), para o desenvolvemento dos seus programas dirixidos ás persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Importe: trescentos oitenta e un mil trescentos dous euros (381.302 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e o mantemento da federación. Importe: vinte e cinco mil trescentos vinte e nove euros (25.329 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para programas de atención ambulatoria das persoas afectadas de dano cerebral adquirido. Importe: dezanove mil catrocentos oitenta e catro euros. (19.484 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas

(Fegerec), para o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas. Importe: dezaoito mil cincocentos dez euros (18.510 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe anual de seguimento (ano 2011) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe relativo ao proxecto de decreto polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o novo Censo Catastral Mineiro de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a terceira fase da implantación do Proxecto Abalar (curso 2012-2013).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre un ano de Prevenir.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Informe sobre a ampliación do sistema de radar de alta frecuencia para a medición de correntes superficiais e ondaxe na fachada atlántica de Galicia.

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Declaración institucional con motivo do Día Mundial da Auga.

## **A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS NA ADMINISTRACIÓN ANTE A FOLGA DO VINDEIRO 29 DE MARZO**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que dicta as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga xeral convocada para o vindeiro xoves día 29 de marzo que afectará a todas as actividades laborais e funcionariais desempeñadas polos traballadores e polos empregados públicos das empresas e organismos establecidos dentro do ámbito xeográfico e xurídico galego.

A folga, que se desenvolverá entre as 0:00 horas e as 24:00 horas do vindeiro 29 de marzo de 2012, está convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG), a Confederación General del Trabajo de Galicia (CGT), a Federación Rexional de Galicia da Confederación Nacional do Traballo (CNT), a Central Unitaria de Traballadores (CUT), a Unión xeral de Traballadores (UXT), Comisións Obreiras (CC.OO.) e Unión Sindical Obrera (USO).

Ante esta convocatoria e ante a necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así, establécense servizos mínimos sobre os sectores e as actividades competencia da Xunta que poden afectar o desenvolvemento da actividade cidadá, como a sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Neste sentido, e seguindo o criterio establecido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Auto do 19 de xuño de 2002 e as recentes sentenzas do mesmo tribunal de 26 de outubro e 16 de novembro de 2011, os servizos mínimos non excederán en cada centro, departamento ou oficina o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, no que haberá que atenderse ás quendas establecidas para os sábados.

O decreto incide, entre outros sectores e actividades, na fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), en determinadas infraestruturas viarias, para garantir a súa utilización en condicións de normalidade e o exercicio de dereitos como a libre circulación e o acceso aos servizos de saúde, educación, etc.

## **A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DEDICA ESTE ANO 154.600 EUROS A ATENCIÓN PSICOLÓXICA DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E AO SEU CONTORNO**

A Secretaría Xeral da Igualdade vai destinar este ano un orzamento de 154.600 euros a programas de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero e ao seu contorno, en virtude dun convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, do que hoxe foi informado o Consello da Xunta. Co orzamento previsto para este ano, no que vai de lexislatura a dotación total a estes programas ascende a 618.400 euros.

Esta colaboración, que ambas as partes asinarán en breve, desenvólvese a través de dous programas, destinados respectivamente a mulleres vítimas de violencia de xénero e a homes con problemas de control de violencia no ámbito da parella e familiar e con vontade de superalos.

O primeiro programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e aos seus fillos e fillas menores está dotado este ano con 120.000 euros para ofrecer recursos terapéuticos que faciliten a recuperación das persoas que viven en contornos de violencia. En 2011 foron atendidas 533 persoas ao abeiro desta liña de colaboración, delas, 347 mulleres, 157 menores e 29 persoas dependentes.

Co segundo programa, denominado *Abramos o círculo* e dotado este ano con 34.600 euros, a Secretaría Xeral da Igualdade pon á disposición dos homes participantes un equipo de profesionais da psicoloxía que ofrecen estratexias e ferramentas para o control das emocións e, especialmente, o control dos trazos de conduta tendentes á violencia. En 2011 participaron neste programa 69 homes.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBOU A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO PARA A ROMARÍA ETNOGRÁFICA 'RAIGAME' DE VILANOVA DOS INFANTES**

- ***A celebración cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de festas de interese turístico, e ten un recoñecido valor cultural, etnográfico e posúe unha singularidade propia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a romaría etnográfica Raigame de Vilanova dos Infantes.

No ano 2002 comezou a festexarse esta romaría, que se celebra o 17 de maio e que conta cunha media de afluencia de 15.000 visitantes. A celebración enmárcase dentro do proxecto de posta en valor do núcleo medieval de Vilanova dos Infantes como un elemento máis do seu potencial turístico-cultural. Nesta festa, que nos traslada a ano 1900, pódense atopar produtos artesanais, lembrar os oficios da época como a confección de vidreiras ou os traballos en coiro; así como participar en actividades de teatro, música e titiriteiros; exposicións etnográficas, danzas –cunha trintena de agrupacións de baile tradicional, grupos de música e pandereteiras-.

Vilanova dos Infantes, no concello de Celanova, ten restrinxido o seu urbanismo para poder conservar o seu patrimonio histórico, ten orixe castrexo e conserva a súa estrutura de burgo medieval.



## **A POLICIA AUTONÓMICA REFORZARÁ A SÚA ACTIVIDADE COA CHEGADA DE NOVOS AXENTES Á UNIDADE**

- ***Alfonso Rueda presentou hoxe ante o Consello da Xunta o Plan de Obxectivos da Policía Autónoma para este ano***
- ***Por primeira vez en 20 anos a Policía autónoma terá ao completo o seu cadro de persoal***

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, informou hoxe o Consello da Xunta do plan de obxectivos para o ano 2012 da Policía autónoma, que logo dun acordo co Ministerio do Interior, incrementará o seu cadro de persoal en algo máis de 150 efectivos ao longo deste ano, 80 dos cales se incorporarán antes do verán.

A chegada destes novos axentes permitirá reforzar áreas clave na actividade da Policía autónoma, que xa se viñan priorizando nos últimos exercicios e que agora recibirán un novo impulso. Así, está previsto que se creen novos grupos de intervención que se ocuparán das tarefas de investigación permanente, tanto en incendios como en furtivismo, aumentando as patrullas de campo en todo o territorio para a prevención e o control dos incendios forestais.

Así mesmo, está previsto que se cubran todas as prazas vacantes en todas as sedes, de tal xeito que polo menos haxa un mínimo de 45 axentes en cada sede. Outra das áreas que sairá reforzada co incremento de persoal serán a da loita contra a violencia de xénero, onde outro avance previsto para este ano é poder contar con acceso aos programas informáticos policiais de control e seguimento da violencia de xénero.

Ademais, outra das actuacións que permitirá a chegada de novos efectivos será incrementar nun 50 por cento o persoal dedicado a funcións de investigación situado na sede central de Santiago de Compostela, que pasará a contar con máis de 30 efectivos, o que permitirá desprazar a calquera punto de Galicia un grupo especializado en investigación.

A todo isto súmanse outras actividades que a Policía autónoma ten entre as súas competencias, como son as investigacións ambientais; o labor en relación coa sanidade animal, caza e pesca fluvial; a área de seguridade e intervención; e a investigación en materia de menores e familia.

Así mesmo, este incremento de persoal permitirá potenciar dun xeito significativo determinados servizos operativos, especialmente relacionados tanto coa prevención coma coa investigación dos incendios forestais, e tamén coa loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Estes eidos competenciais, en que se vén ocupando a acción da UPA nos derradeiros anos, veranse reforzados en funcións preventivas, de investigación e de intervención.

Así crearanse novos grupos de intervención que se ocuparán das tarefas de investigación permanente, tanto en incendios como en furtivismo, e aumentaranse as patrullas de campo ao longo de todo o territorio para a prevención e o control dos incendios forestais.

Ademais, o Ministerio do Interior comprometeuse a completar os efectivos da unidade, ata cubrir os 500 postos, polo que por primeira vez, en 20 anos, a Policía autonómica terá ao completo o seu cadro de persoal.

## **A XUNTA DE GALICIA CONSTRUIRÁ UN NOVO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE CERVO NO CAL SE INVESTIRÁN MÁIS DE 285.000 EUROS E MELLORARÁ A XESTIÓN DE RESIDUOS DESTE MUNICIPIO DA PROVINCIA DE LUGO**

- *O emprazamento do punto limpo é no polígono industrial de Cuiña e contará cunha superficie de 10.606 metros cadrados*
- *Esta instalación beneficiará directamente aos máis de 5.000 habitantes das seis parroquias de Cervo, concentrándose a maior parte da poboación no núcleo de San Cibrao*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico- financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Cervo para a construción dun punto limpo neste municipio lucense. Para esta infraestrutura, o Executivo autonómico achegará preto de 285.000 euros, dos que o Goberno galego entregará o 100 % do total para a execución destas obras de carácter ambiental, que suporán unha importante mellora na xestión de servizos desta área da provincia de Lugo.

A situación do punto limpo é no polígono industrial de Cuiña e conta cunha superficie de 10.606 metros cadrados. As obras que se van a executar pasan polo movemento de terras, a urbanización da área do punto limpo, colocaranse as instalacións xerais e unha oficina e mais un almacén. Así mesmo, levarase a cabo o peche perimetral e a porta de acceso, poranse colectores e sinalización e procederase á xestión de residuos.

Esta instalación beneficiará directamente os máis de 5.000 habitantes das seis parroquias de Cervo, concentrándose a maior parte da poboación no núcleo de San Cibrao. Neste momento, a localidade lucense carece doutros sistemas de recollida de residuos urbanos propios deste tipo de instalacións.

Nesta instalación, onde se depositarán aqueles materiais que, polas súas características, non se poden tirar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros moitos. Así mesmo, poténcianse accións como a recuperación e reciclaxe; evitar a vertedura incontrolada de entullos e obxectos voluminosos; para lograr almacenar, en condicións de seguridade e saúde, os residuos perigosos co fin de protexer o ambiente.

### **Mellor calidade vida**

Con este tipo de actuacións, o departamento que dirixe Agustín Hernández destina recursos para levar a cabo distintas obras que teñen como obxectivo principal a mellora da calidade de vida dos cidadáns galegos e, ao mesmo tempo, protexan o ambiente.

A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RUS) e traballa co fin de implicar neste propósito aos concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte. Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispor dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Esta progresiva incorporación dos concellos galegos a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer accións como estas, que logran unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros.

## **GALICIA PASARÁ A TER 125 PUNTOS LIMPOS COA CONSTRUCIÓN DUN NO CONCELLO DE MOS, NO CAL A XUNTA INVESTIRÁ CASE 300.000 EUROS**

- *O Executivo autonómico achegará case 294.000 euros, o 100% do investimento total*
- *O punto limpo de Mos permitirá o depósito e clasificación dos residuos urbanos que requiren unha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade, para que se separen os residuos xerados nos fogares que son un risco para o ambiente ou a saúde, como os medicamentos, pilas e pinturas, entre outros*
- *Esta instalación beneficiará directamente os máis de 14.200 habitantes de Mos e a súa área de influencia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Mos para a construción dun punto limpo neste municipio pontevedrés. Para esta actuación, o Executivo autonómico achegará case 294.000, o 100 % do total do investimento, co fin de executar estas obras de carácter ambiental, que suporán unha importante mellora na xestión de servizos desta área da provincia de Pontevedra.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta que, con este, pasa a constar de 125 destas infraestruturas. O actual Executivo autonómico xa leva investido neste tipo de puntos de xestión de residuos máis de 4,2 millóns de euros.

O punto limpo de Mos permitirá o depósito e a clasificación daqueles residuos urbanos que requiren dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade, co fin de que se separen os residuos xerados nos fogares que representan un risco para o ambiente ou a saúde, como os medicamentos, pilas e pinturas, entre outros elementos.

Así mesmo, trátase de evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos coma mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe. Esta instalación beneficiará directamente os máis de 14.200 habitantes de Mos e a súa área de influencia.

### **Calidade de vida**

Nesta instalación depositaranse aqueles materiais que, polas súas características, non se poden tirar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros moitos. Así mesmo, poténcianse accións como a recuperación e reciclaxe; evitar a vertedura incontrolada de entullos e obxectos voluminosos; e lograr almacenar, en condicións de seguridade e saúde, os residuos perigosos co fin de protexer o ambiente.

Con este tipo de actuacións, o departamento que dirixe Agustín Hernández destina recursos para levar a cabo distintas obras que teñen como obxectivo principal a mellora da calidade de vida dos cidadáns galegos e, ao mesmo tempo, protexan o ambiente.

A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RSU) e traballa co fin de implicar neste propósito os concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte. Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispor dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Esta progresiva incorporación dos concellos galegos a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer accións como estas, que logran unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros.

## **A XUNTA APOIA O INCREMENTO DA COMPETITIVIDADE DE ALCOA EN GALICIA CUN NOVO PROXECTO DE GASIFICACIÓN A PROL DA EFICIENCIA NA PLANTA DA CORUÑA**

- *O proxecto de gasificación da planta da Coruña supón a mobilización de investimentos por máis de 1,5 millóns de euros*
- *A Xunta reafirma o seu compromiso con Alcoa e continúa a traballar para que a compañía desenvolva as iniciativas de crecemento e mellora da produtividade que ten proxectadas en Galicia*
- *Esta iniciativa supón a substitución do combustible actual, fueloil, por gas natural, cunha mellora moi importante dos procesos produtivos*
- *Os cambios implican un incremento dos aforros enerxéticos e económicos, cunha diminución das emisións de CO<sub>2</sub> superior ao 26%*
- *O Goberno galego impulsa a aposta da compañía por modernizar e mellorar as plantas produtivas en Galicia*
- *A Xunta tamén apoiou a gasificación da planta de San Cibrao, facilitando unha mobilización de investimentos de 2,6 millóns de euros na zona e dando un impulso definitivo ao inicio da tramitación do gasoduto da Mariña*

O Goberno galego continúa apoiando a aposta polo incremento da competitividade que Alcoa está a manter en Galicia. O Consello da Xunta acaba de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e Alcoa Inespal, S.A., para pór en marcha un proxecto de gasificación da planta da Coruña, que supón a mobilización duns investimentos de máis de 1,5 millóns de euros.

A Xunta continúa a traballar para que a compañía Alcoa, con presenza na Coruña e San Cibrao, desenvolva as iniciativas de crecemento e mellora da súa produtividade que ten proxectadas en Galicia. O apoio da Consellería de Economía e Industria a esta iniciativa supón a substitución do combustible actual, fueloil, por gas natural nos procesos produtivos da factoría na Coruña.

Estes cambios implican unha mellora moi importante dos procesos produtivos e un incremento dos aforros enerxéticos e económicos da compañía, xa que a substitución da enerxía procedente do fueloil por gas natural representa unha diminución das emisións de CO<sub>2</sub> superior ao 26% (3.100 t/ano).

Este convenio dá continuidade aos apoios da Consellería de Economía e Industria a Alcoa, na súa aposta por modernizar e mellorar as plantas produtivas que posúe en Galicia. Neste sentido, cómpre lembrar o apoio da Xunta á posta en marcha de instalacións para o almacenamento de gas natural e a reconversión de fueloil a gas natural (da tecnoloxía de subministración) na planta de San Cibrao; facilitando unha mobilización de investimentos de 2,6 millóns de euros na zona e dando un impulso definitivo ao inicio da tramitación do gasoduto da Mariña.

De xeito que, co apoio prestado a estes proxectos, a Xunta avanza nos obxectivos de eficiencia e aforro da súa planificación enerxética para Galicia, unha estratexia que prioriza a creación de infraestruturas para a distribución e o consumo de gas natural, como factor de competitividade no tecido empresarial e de mellora da calidade de vida da cidadanía.



## **A XUNTA ACTUALIZA O CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS**

O Consello da Xunta acordou hoxe aprobar a modificación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia para recoller a revisión das agrupacións homoxéneas de medicamentos, aprobados polo Consello da Xunta o 27 de outubro de 2011, conforme os novos prezos menores que entrarán en vigor o próximo 1 de abril de 2012.

Ademais, incluíranse novas agrupacións homoxéneas de medicamentos e produtos sanitarios que se incorporaron ao Nomenclator oficial de produtos farmacéuticos con posterioridade á última actualización, e daranse de baixa aquelas agrupacións homoxéneas que o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade anulou neste mesmo período.

Así, engadíranse 26 novas agrupacións homoxéneas de medicamentos e incluíranse por primeira vez 32 agrupacións homoxéneas de produtos sanitarios. Desaparecerán do catálogo 29 antigas agrupacións homoxéneas de medicamentos.

Esta actualización realízase para dar cumprimento á normativa que rexe o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia e que prevé as súas actualizacións cando haxa modificación dos prezos menores establecidos polo ministerio competente na materia.

## **A XUNTA DESTINA 2,4 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS AO MANTENIMENTO DE ENTIDADES PARA A ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe un total de 12 convenios de colaboración con outras tantas entidades***
- ***As actuacións que se financiarán chegarán a beneficiar a máis de 64.000 persoas***
- ***Os convenios asínanse con Autismo Galicia, Special Olympics, Aspaym, Cogami, Down Galicia, Fademga-Feaps Galicia, Fagal, FAXPG, Feafes Galicia, Aspace, Fegadace e Fegerec***

A Xunta destinará máis de 2,4 millóns de euros a axudas para o mantemento de distintas entidades de atención á discapacidade e para o financiamento das actuacións e programas que levan a cabo. Prevese que os beneficiarios destas iniciativas superen as 64.000 persoas, segundo as estimacións iniciais.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un total de 12 convenios de colaboración con outras tantas entidades para este fin.

En concreto, as organizacións coas que se asinarán os acordos son as seguintes: Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo de Galicia (Autismo Galicia); Asociacións de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia); Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym); Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami); Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia); Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga-Feaps Galicia); Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (Fagal); Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG); Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes Galicia); Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación Aspace Galicia); Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace); e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec).

Todas as actuacións e programas que se financian correspóndense co exercicio de 2012, e en todos os casos dan continuidade á colaboración que se viña mantendo nos anos anteriores con estas organizacións.

Ademais do propio mantemento das federacións, finánciense programas de todo tipo e específicos para cada tipo de discapacidade, co fin de garantir unha atención integral e de calidade.

Así, nos convenios inclúense, entre outras, actividades de formación, de ocio, deportivas, de integración social e laboral, de apoio psicosocial, de formación en novas tecnoloxías, de atención específica nas áreas rurais, de atención temperá, de orientación, ou de servizos de intérprete para persoas xordas.

Estes convenios inscríbense na aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade, un colectivo para o que se elaborou o Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, que xa se está executando. O plan estrutúrase en 10 áreas temáticas, en que se recollen 300 actuacións para desenvolver, orientadas á consecución de 38 obxectivos distintos.

Ademais, o compromiso da Xunta con este colectivo reflíctese tamén no aumento de prazas de atención á discapacidade no que vai de lexislatura, un período en que o incremento foi de máis de 580 novas prazas, ata chegar a un total de máis de 4.900.

## **IGUALDADE PRESENTA O INFORME DE VIOLENCIA DE XÉNERO DE 2011**

A Secretaría Xeral da Igualdade presentou hoxe ao Consello da Xunta o *Informe anual 2011 de violencia de xénero*, no cal se realiza un balance exhaustivo das políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero. Esta presentación ao Consello é previa á que se realizará o 30 de marzo no Parlamento de Galicia, dando así cumprimento ao establecido na Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O informe reflicte o conxunto de actuacións da Administración autonómica que evidencian o seu compromiso coa ampliación da protección das vítimas e a mellora da súa recuperación física, psicolóxica e social, así como coa sensibilización de toda a sociedade no rexeitamento de todas as formas de violencia, baixo o criterio da colaboración interinstitucional.

Entre outros datos, o informe pon de relevo que as tres mortes por violencia de xénero ocorridas en Galicia en 2011 representan o 4,9% dos casos rexistrados no conxunto de España o pasado ano, que foron 61.

As ordes de protección e medidas cautelares ditadas en Galicia foron 1.348, encabezadas polas provincias da Coruña e Pontevedra, con 490 e 489 casos respectivamente, seguidas de Lugo, con 226, e Ourense, con 143 casos. Na comparativa por provincias, A Coruña e Ourense rexistran descensos no número de ordes de protección ditadas, mentres que Pontevedra e Lugo experimentan lixeiros incrementos. A Coruña segue a ser a provincia cun maior número de medidas comunicadas, diminuindo en 71 casos respecto o 2010 e en 72 respecto ao 2009. Pontevedra segue manténdose no segundo lugar e incrementa 13 casos respecto ao ano 2010 e 38 respecto ao ano 2009. Lugo pasa a ocupar o terceiro lugar, cun incremento de 12 medidas de protección respecto a 2010 e 8 respecto a 2009. Ourense sitúase no cuarto lugar, diminuindo en 37 casos respecto a 2010 e en 80 casos respecto ao 2009.

Polo que se refire ás medidas no ámbito xudicial, o informe da conta dos mecanismos establecidos polos sete colexios de avogados de Galicia para garantir a atención xurídica durante as 24 horas e a asistencia letrada urxente a mulleres vítimas de violencia de xénero. O total de actuacións certificadas polos colexios de avogados en aplicación do módulo establecido -defensa xurídica en dilixencias policiais, ordes de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica- elevouse en 2011 a un total de 871 asuntos.

### **Axudas económicas**

No eido das axudas económicas, o informe dá conta de que o pasado ano un total de 251 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia e os seus 255 fillos e fillas menores percibiron axudas mediante pagamentos mensuais. Delas, un 74,5% eran de nacionalidade española e o restante 25,5% inmigrantes, maioritariamente de orixe brasileira, seguida da colombiana, marroquina, portuguesa e romanese. Por provincias, Pontevedra encabeza a listaxe con 107 perceptoras de axudas, seguida da Coruña con 80, Ourense con 34 e Lugo con 30. O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 66% do total.

Ademais, outras 48 mulleres percibiron axudas na modalidade de pagamento único. Delas, 24 pertencen á provincia de Pontevedra, 13 á provincia da Coruña, 6 a Lugo e 5 a Ourense, sendo de nacionalidade española o 92% delas.

### **Presentación no Parlamento o día 30 de marzo**

A presentación detallada do *Informe anual 2011 de violencia de xénero* na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia será o vindeiro día 30.

## **A XUNTA REBAIXARÁ O SALARIO E AS AXUDAS DE CUSTO DOS DIRECTIVOS DAS EMPRESAS PÚBLICAS E AFORRARÁ UN MILLÓN DE EUROS AO ANO**

- ***Estas revisións enmárcanse na Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, que suspendeu o plus de altos cargos e mantivo os salarios dos empregados públicos***

O Goberno galego rebaxará o salario e as dietas dos directivos das empresas públicas do sector autonómico e aforrará un millón de euros ao ano. Así se recolle nun informe presentado hoxe ao Consello da Xunta por parte da conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, e que agora será enviado ao Consello Consultivo para que este organismo consultivo emita o seu. O obxectivo é fixar as novas retribucións en función da responsabilidade e complexidade do posto que se desempeña.

Desta forma, a Xunta de Galicia establecerá para o persoal directivo de cada entidade ata cinco niveis segundo a responsabilidade e cualificación técnica de acceso. Galicia contará cunha norma, con criterios homoxéneos e obxectivo, para fixar as retribucións dos directivos e dos membros de consellos de administración de entes públicos.

Con esta clasificación equipararanse as retribucións dos máximos directivos das entidades de nivel 1 (Sogama e a CRTVG) ás que percibe o presidente do Executivo autonómico, os de segundo nivel ás dun conselleiro e as de nivel 3 ás dun director xeral.

Estas revisións enmárcanse na Lei de medidas temporais de determinadas materias do emprego público, aprobada recentemente e que habilitou o Consello da Xunta a tomar estas decisións para adecuar a criterios obxectivos as retribucións do persoal directivo. Unha vez que ditamine o seu informe o Consello Consultivo, o Executivo autonómico aprobará o decreto que regulará estas novas condicións retributivas.

Esta é a segunda medida que afecta a retribución do persoal de máxima responsabilidade dependente da Xunta de Galicia, logo de que se acordase tamén a suspensión do denominado plus de altos cargos, ao tempo que se mantiveron os salarios dos empregados públicos galegos.

## A XUNTA PON EN MARCHA O CENSO CATASTRAL MINEIRO QUE CON FERRAMENTAS TIC FACILITA UNHA PLANIFICACIÓN SUSTENTABLE DA MINARÍA GALEGA

- ***Economía e Industria facilitou a mobilización de investimentos no sector da minaría por máis de 26 millóns de euros na lexislatura***
- ***O censo, creado xunto coa Cámara Oficial Mineira de Galicia, mostra dun xeito rápido e sinxelo a situación xeográfica e administrativa dos 1.200 dereitos mineiros existentes en Galicia***
- ***Con esta ferramenta, a máis avanzada en España, será posible axilizar a tramitación e xestión dos dereitos mineiros e propiciar o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais de Galicia, cunha especial atención ao respecto medioambiental***
- ***A Xunta traballa na posta en valor dos importantes recursos minerais que ten Galicia de cara á creación de empregos e á atracción de investimentos, nun sector que emprega directamente a máis de 8.500 persoas***

A Consellería de Economía e Industria informou hoxe no Consello da Xunta do Censo Catastral Mineiro que se está a pór en marcha xunto coa Cámara Oficial Mineira de Galicia para avanzar na modernización do sector. Esta iniciativa, elaborada por medio dunha aplicación web que aplica as TIC ao sector, ten como obxectivo facilitar unha planificación sustentable dos recursos mineiros.

Esta aplicación, que é a máis avanzada tecnoloxicamente das tres que existen en España, amosa de xeito rápido e sinxelo a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros, o que permitirá axilizar a súa tramitación e xestión, de cara ao aproveitamento ordenado dos recursos minerais da comunidade. Con esta iniciativa, a Xunta continúa a traballar para poñer en valor os recursos minerais de Galicia.

Neste labor de modernización e ordenación do sector, o Censo Catastral Mineiro, dispoñible no enderezo web [censomineiro.camaraminera.org](http://censomineiro.camaraminera.org), supón un importante paso adiante. A información recollida nesta aplicación, mostra de xeito áxil e rápido a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros, ao redor de 1.200 en vigor, incluíndo información adicional relativa aos usos do solo, a ordenación do territorio e zonas de protección ambiental.

O Goberno galego considera prioritaria a reactivación e modernización dun sector que emprega de xeito directo a máis de 8.500 traballadores, de xeito que desde a Consellería de Economía e Industria se está a desenvolver unha estratexia de apoio directo as necesidades reais do sector da minaría que ten permitido a mobilización de investimentos por máis de 26 millóns de euros na lexislatura.

Os obxectivos da Xunta neste eido están centrados en incentivar e facilitar a investigación; colaborando coas asociacións e os clúster empresariais, e impulsando os

centros tecnolóxicos da lousa e do granito, que realizan unha importante actividade en I+D+i de xeito que sexa posible favorecer a creación de emprego e a atracción de investimentos neste sector.

Ademais, desde a Xunta tamén se está a levar a cabo un importante labor de inventariado dos dereitos mineiros outorgados no pasado, que ten permitido caducar os dereitos mineiros sen actividade para sacalos a concurso e poñelos de novo en valor. Deste xeito, a Consellería xa realizou os concursos mineiros das provincias de Ourense e da Coruña, e nos próximos meses sacaranse a concurso público os dereitos mineiros das provincias de Lugo e Pontevedra.

O Censo Catastral Mineiro permanecerá en constante actualización e revisión, a través do traballo conxunto e coordinado da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas coa Cámara Oficial Mineira de Galicia, facilitando así o traballo das administracións públicas e das empresas. Con esta ferramenta, será posible axilizar a tramitación e xestión dos dereitos mineiros e propiciar o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais de Galicia, cunha especial atención ao respecto ambiental.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN LEVARÁ O VINDEIRO CURSO O PROXECTO ABALAR A 550 CENTROS EDUCATIVOS E 44.500 ALUMNOS**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao informe de balance da aplicación do proxecto no curso 2010/2011 e 2011/2012 e de previsións para a terceira fase***
- ***A maiores, máis de 15.000 alumnos beneficiaranse dos 782 kits de aula dixital instalados ao abeiro do convenio con Red.es***

O proxecto Abalar, a estratexia de integración das novas tecnoloxías da información e a comunicación no ensino impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chegarán o vindeiro curso a máis de 44.500 alumnos de 550 centros educativos, o que significa un incremento do 40% no número de alumnos beneficiados respecto do presente curso, a través dunha estrutura de máis de 2.000 aulas Abalar en 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO. Así queda reflectido no informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se fai balance da aplicación do proxecto nas súas dúas primeiras fases (cursos 2010/2011 e 2011/2012) e se reflicten as previsións para a terceira fase, que se desenvolverá o vindeiro curso 2012/2013.

O informe presentado hoxe na reunión semanal do Goberno galego fai balance dos dous anos de aplicación do proxecto, os cursos 2010/2011 e 2011/2012, nos que o Proxecto Abalar chegou a 370 centros educativos e 1.465 aulas, que contan con ordenadores portátiles para o profesorado, ultraportátiles para o alumnado, armarios de carga, encerado dixital interactivo, proxector, rede wifi e servidores de centro.

Destas dúas primeiras fases beneficiáronse preto de 32.000 alumnas e alumnos, que estudan nas 524 aulas Abalar de primaria e 941 aulas de secundaria; e que se unen aos máis de 15.000 estudantes beneficiados a maiores pola instalación de 782 kits en 645 colexios –que non forman parte do Abalar–, ao abeiro do convenio asinado entre a consellería e Red.es, polo que se instala na clase un encerado dixital interactivo, un proxector e un ordenador portátil conectado a ambos os elementos.

Doutra banda, acaba de publicarse a convocatoria para a adscrición de centros á rede Abalar o vindeiro curso 2012/2013, en que o proxecto beneficiará arredor de 13.000 estudantes máis. Para iso está prevista a incorporación duns 180 centros educativos ao proxecto, o que suporá 450 novas aulas Abalar en 5º de primaria e 1º da ESO e arredor de 10.000 novos alumnos beneficiados. Ademais os 77 centros integrados no curso 2011/2012 duplicarán as súas aulas Abalar, polo que nestes centros se incorporarán ao proxecto unhas 125 aulas Abalar e arredor de 3.000 alumnas e alumnos.

### **espazoAbalar**

Durante a traxectoria do proxecto, o espazoAbalar, a plataforma creada para fomentar a participación e a comunicación en rede de toda a comunidade educativa, tamén ten evolucionado, e desde hai pouco máis dun mes ofrece xa a súa terceira versión. Un

renovado portal no cal se incorporan novas funcionalidades e servizos para toda a comunidade educativa, como guías para as familias, docentes e centros educativos, e a incorporación das redes sociais. A nova versión permite así un maior seguimento do alumnado, a consulta do calendario académico e do transporte escolar, así como novas funcionalidades no servizo de comedores e a incorporación de blogs temáticos.

Desde a súa posta en marcha a finais de outubro de 2010 espazoAbalar recibiu preto de medio millón de visitas entre as súas distintas epígrafes dirixidas a familias, profesores e alumnos. Cómpre salientar a boa acollida que este portal está a ter entre as familias, de feito o espazo de información que lles ofrece a posibilidade de facer un seguimento personalizado da vida académica dos seus fillos leva ata o de agora máis de 62.000 visitas.

Tamén no marco do portal continúa a medrar o repositorio de contidos dixitais, que representa máis do 15% das visitas recibidas ao espazoAbalar, e que conta xa con máis de 900 recursos didácticos dispoñibles en galego, castelán, inglés e francés.

#### **Implicación da comunidade escolar**

Tras dous anos de andaina, o Proxecto Abalar estenderase o vindeiro curso a máis estudantes a través da incorporación de 180 centros máis ao proxecto e duplicando as aulas Abalar nas incorporadas no presente curso, o que dá conta do compromiso da Consellería de Cultura e Educación coa transformación dos centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais.

Ademais continuarase a traballar na mellora da formación dos docentes, das familias e dos estudantes no uso seguro e responsable das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Así mesmo, está previsto que o espazoAbalar medre e incorpore novas funcionalidades que permitan á comunidade escolar de usuarios afondar na súa intercomunicación.

## **O PROGRAMA PILOTO DE VACINACIÓN PERMITIU UNHA BAIXADA DA ENFERMIDADE PNEUMOCÓCICA INVASORA DUN 71% CON RESPECTO AO BIENIO 2007/2008 EN MENORES DE DOUS ANOS**

- ***Sanidade investiu 3,4 millóns de euros na adquisición de preto de 80.000 vacinas***
- ***O estudo tiña como obxectivo previr gran parte dos casos graves producidos polo pneumococo nos nenos de Galicia e producir un efecto de inmunidade de grupo***
- ***Ao distribuír gratuitamente a vacina nos centros asistenciais paliáase a inequidade existente no seu acceso***

En xaneiro de 2011 iniciouse en Galicia un programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo coa vacina antipneumocócica conxugada trecevalente (Prevenar 13). Desde o inicio do programa piloto ata o 31 de decembro de 2011, a Consellería de Sanidade investiu 3.436.102,40 de euros na compra de preto de 80.000 vacinas. Ademais, empregáronse máis de 9.000 euros na campaña informativa, destinada á elaboración e distribución de material gráfico.

Actualmente, ao redor do 95% dos rapaces nados a partir do 1 de novembro de 2010 teñen postas as doses que lles corresponden para a súa idade, o que significa unha moi boa aceptación do programa. Esta cobertura asegura que a vacinación vai ter un impacto poboacional claro, segundo o visto nos países que teñen introducida a vacina antes que Galicia.

De feito, o programa piloto está xa a provocar unha baixada na incidencia da enfermidade pneumocócica invasora (EPI) nos menores de 2 anos, cunha redución do 71% a respecto da que fóra no bienio 2007/2008 e do 62% da do bienio 2009/1010); e tamén nos de 2 a 4 anos, debido ao efecto global da vacina entre a poboación infantil (un 64% menos que no bienio 2007/2008 e un 50% menos que en 2009/2010).

Ademais, e como se esperaba, están a descender os serotipos causantes de enfermidade incluídos na vacina trecevalente.

No que atinxe á poboación diana, son todos os nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2010 e todos os nenos con patoloxías de risco ata os 5 anos de idade, que completan ou inician a súa pauta de vacinación fronte ao pneumococo.

Este programa piloto tiña como obxectivo previr gran parte dos casos graves producidos polo pneumococo nos nenos de Galicia (septicemias, meninxites, pneumonías e infeccións osteoarticulares), pneumonía non bacteriémica e derrames pleurais e, en menor proporción, evitar outras patoloxías moi frecuentes nos rapaces, como as otites e as sinusites.

### **Inmunidade de grupo**

Ademais, coa vacinación buscábase producir un efecto de inmunidade de grupo, o que conleva unha diminución do número de casos graves noutras idades -sobre todo nas persoas maiores-, aínda que non estean vacinadas; distribuír gratuitamente a vacina nos centros asistenciais públicos e privados, paliando así inequidade existente no seu acceso -xa que tiña un 60% de cobertura a nivel privado, cun custo por enriba dos 200 euros nunha pauta de tres doses-; e reducir a carga de morbi-mortalidade na poboación, e en consecuencia, diminuír a medio prazo o gasto sanitario por esta patoloxía.

Para a súa posta en marcha houbo un acordo técnico favorable a súa introdución, tanto por parte de organismos internacionais como da ponencia técnica de vacinas do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e a solicitude por parte de moitas autoridades sanitarias de máis datos no territorio español para poder avaliar mellor o custo-efectividade para a súa posible introdución no calendario de vacinación infantil. Ademais, a Prevenar 13 é unha vacina moi adaptada aos serotipos circulantes en Galicia.

O estudo piloto ten dous compoñentes: dunha banda o subprograma de vacinación, que busca asegurar un acceso gratuíto e universal a ela; e doutra o sistema de vixilancia, que proporcionará datos para poder avaliar os resultados do piloto en termos de diminución da incidencia da EPI e dos serotipos incluídos nela.

Neste sentido, para reforzar a vixilancia microbiolóxica procedeuse á creación dun laboratorio de referencia localizado no Servizo de Microbioloxía da estrutura de xestión integrada de Ferrol.

## **A XUNTA INSTALA DOUS NOVOS RADARES DE ALTA FRECUENCIA PARA MEDIR AS CORRENTES EN TEMPO REAL**

- *Estes aparellos están instalados nos faros de Vilán, en Camariñas e de Prior, en Ferrol, e achegan datos sobre a intensidade e a dirección das correntes mariñas e da ondaxe*
- *A información achegada polos radares é clave para calcular a traxectoria dunha vertedura e tamén para xestionar operacións de salvamento como as buscas*
- *O seu funcionamento supón a ampliación do espazo de cobertura da rede galega de monitorización de correntes e ondaxe, incrementando o peso de Galicia na Rede Nacional de Radares AF*

A Consellería do Medio Rural e do Mar impulsa a mellora do coñecemento do medio mariño en tempo real coa instalación de dous radares de alta frecuencia nos faros de Vilán, en Camariñas e de Prior, en Ferrol, que vixían cada movemento que se rexistra nesas augas. Estes radares do tipo *SeaSonde LR* tamén buscan reforzar a compoñente oceanográfica dos sistemas de axuda á toma de decisións en operacións no mar. O departamento que dirixe Rosa Quintana presentoulle hoxe un informe ao Consello da Xunta no cal se explican as súas características.

A súa tecnoloxía de alta frecuencia permite coñecer a dirección e a intensidade das correntes e a ondaxe en tempo real, proporcionando un mellor coñecemento estatístico do medio mariño, cuestións de grande utilidade para a navegación e as operacións de salvamento, por exemplo nas buscas. Tamén para a xestión de crises derivadas de eventos asociados a contaminación mariña accidental, por exemplo á hora de calcular a traxectoria dunha vertedura e para a detección de infractores en casos de contaminación marítima intencionada. Os datos de correntes e ondaxe que proporcionan tamén son de grande utilidade para os estudos de bioloxía e pesqueiras e para mellorar os modelos de predición oceanográfica.

Co seu funcionamento amplíase o espazo de cobertura da Rede Galega de Monitorización de Correntes e Ondaxe, incrementando o peso de Galicia na Rede Nacional de Radares AF, pioneira en Europa e impulsada desde Portos do Estado. A Xunta pon de manifesto con esta acción a súa aposta pola investigación mariña e o desenvolvemento tecnolóxico no sector.

Este sistema de medida de correntes superficiais e ondaxe foi adquirido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) por 516.250 euros e entrou en funcionamento a finais do 2011. Os seus datos poden ser empregados polas autoridades responsables do salvamento marítimo, autoridades portuarias e polo resto da sociedade para as diversas aplicacións e usos relacionados co mar. Ademais poden consultarse na web [www.observatorioraia.org](http://www.observatorioraia.org).

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA AUGA**

### **A auga e a seguridade alimentaria**

A auga é fonte de vida, de saúde e de riqueza. É un dos elementos realmente "vitais" para o desenvolvemento, non só para as persoas, senón para os animais, as plantas e o conxunto dos seres vivos que poboan o noso planeta.

A importancia da auga queda de manifesto cando consideramos que a maior parte da nosa masa corporal está formada por este elemento. Ata o punto que, en gran medida, podemos afirmar que somos auga.

A auga forma parte do noso propio ser e tamén da inmensa maioría dos alimentos que consumimos. Todo o que comemos ten a súa orixe ligada á auga, non só porque forma parte da súa propia composición, senón porque é indispensable para a súa orixe e crecemento. Deste xeito, a maior parte da auga que bebemos está incorporada aos produtos que comemos.

A aparente dispoñibilidade deste recurso natural non pode levarnos a infravaloralo. Que Galicia sexa considerada tradicionalmente como un país de auga non pode levarnos a desentendernos da importancia de evitar o seu mal uso e a súa deterioración.

Como calquera recurso, a auga non pode malgastarse, nin facer uso dela de forma irresponsable. Todos podemos axudar ao seu mellor emprego na nosa vida diaria e tamén á hora de producir, distribuír ou consumir os alimentos.

A nosa actualidade máis inmediata estanos a mostrar unha dobre realidade: a necesidade de valorar os recursos e a fragilidade da abundancia das reservas hídricas na nosa terra.

De pouco valen os esforzos que estamos a realizar para ampliar e mellorar os servizos de abastecemento e saneamento de augas se non van acompañados da necesaria concienciación e dun uso responsable do recurso.

É preciso interiorizar que as boas prácticas individuais son tan importantes como as obras colectivas e que os pequenos xestos, como pechar unha billa ou evitar que os alimentos se perdan, axudan a obter grandes resultados. Se actuamos conforme a estas pautas achegaremos unha gran contribución para conservar e mellorar a calidade dun recurso sempre vital e cada día máis prezado.

Somos auga. Galicia é auga. Miremos por ela.